



C.E.I.P. Milladoiro - Malpica de Bergantiños

LeoLab. Laboratorio de Ideas

EMOCIONBOT

Conecta coas emocións!

A finalidade desta manualidade é crear un robot que garde e organice as nosas emocións nesta cuarentena que nos toca vivir.

Se usamos unha caixiña de cartón ou outro envase similar, poderemos facerlle unha rañura na que iremos introducindo os nosos pequenos escritos relacionando como nos sentimos cada día coa emoción básica que conterà o noso robot.

Emocionbot conterà as cinco emocións básicas que podemos identificar cunha cor e mesmo cun emoticono:

- Alegría (A)
- Enfado (E)
- Tristeza (T)
- Medo (M)
- Noxo (N)

Crearemos así un compañeiro nesta viaxe na que as emocións e a maneira de xestionalas é tan importante.

Deixamos unha imaxes a modo de exemplo, NON PARA CREAR O MESMO se non para que teñades clara a idea de creación. Neste proceso os borradores son moi necesarios, xuntade materiais e nun folio en branco lanzádevos a deseñar o voso Emocionbot e recordade...

IMAXINACIÓN AO PODER!



Rañura para introducir
os nosos escritos

